



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN XORNALISTAS GALEGAS

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Coa denominación de “XORNALISTAS GALEGAS”, constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, de interese social, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable.

Art. 2 Personalidade e capacidade

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social no Colexio de Xornalistas de Galicia, Rúa de Ponferrada, 9, baixo. Santiago de Compostela, C.P. 15707.

Correo electrónico: xornalistasgalegas@gmail.com

Páxina web: www.xornalistasgalegas.org

Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a asociación vai desenvolver principalmente as súas actividades é Galicia.

Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins

6.1. Son fins principais da asociación:

- a. impulsar a produción dun xornalismo con perspectiva de xénero que se reflicta tanto na información que xeramos como nas condicións nas que a elaboramos;
- b. comprometer os medios coa causa feminista na procura da erradicación do machismo e o sexismo promovendo a igualdade entre homes e mulleres;
- c. configurar unha rede de seguridade para todas as mulleres da comunicación;
- d. visibilizar as mulleres nos medios de comunicación como especialistas, opinadoras e expertas;
- e. desestigmatizar a presenza da muller na información traballando na eliminación de estereotipos de xénero que conducen a que as mulleres padezan unha situación de desvantaxe no eido laboral, social, persoal, económico, político ou cultural;
- f. instaurar o tratamento informativo especializado da violencia de xénero;
- g. realizar unha vixilancia feminista dos contidos dos medios e denunciar publicamente as publicacións machistas ou sexistas;
- h. incrementar a presenza das mulleres nos postos de responsabilidades dos medios. Rachar o teito de cristal e a fenda salarial;
- i. impulsar e controlar o cumprimento real das medidas de conciliación.

- 6.2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:
- realización de actividades formativas e divulgativas;
 - organización de xornadas de debate e encontro entre profesionais dos medios e expertas;
 - participación en xornadas e accións organizadas por colectivos feministas;
 - integración nas iniciativas doutras organizacións feministas e entidades do ámbito da comunicación.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Requisitos

7.1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser muller e ter interese profesional no ámbito da comunicación e no desenvolvemento dos fins da asociación.

7.2. As asociadas deben ser maiores de idade.

Artigo 8. Clases de persoas asociadas

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociadas:

- Fundadoras, aquelas mulleres que subscribiron a acta fundacional.
- De número, aquelas mulleres que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional e participan de forma activa no día a día da asociación.
- De honra, aquelas mulleres que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeadas pola Asemblea Xeral.
- Protectoras, aquelas mulleres que, malia reunir as condicións para ser socias de número e querer apoiar activamente a asociación, non teñan dispoñibilidade para participar no seu día a día. Teñen dereito a tomar parte nas asembleas con voz pero sen voto e tamén a integrarse, aínda que sexa de forma puntual, nas comisións de traballo. Cando o consideren preciso, poderán solicitar a súa incorporación como socia de número ante a secretaría da asociación.
- Preasociadas, as estudantes de Xornalismo e Comunicación Audiovisual que teñan superado o primeiro ciclo con todas as materias aprobadas e estean matriculadas no segundo ciclo. A condición de preasociada dá dereito a utilizar os dereitos básicos da Asociación, nas condicións que decida a Asemblea. Non se recoñecerán dereitos de sufraxio, activo ou pasivo, ás preasociadas, que terán a obriga de pagar a cota de incorporación que estableza a Asemblea. A condición de preasociada quedará extinguida automaticamente ao adquirirse a titulación correspondente ou, en todo caso, tras tres anos na devandita situación.

Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada

9.1. A condición de asociada pérdese:

- Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida á secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación;
- Por falta de pagamento dunha cota anual (60 euros), que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva á persoa interesada;
- A persoa que perda a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis meses desde a notificación abona as cotas pendentes de pago;
- Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación;
- Por atentar contra os intereses do colectivo;
- Por falecemento da persoa física.

9.2. A expulsión de asociadas nos supostos dos apartados b) c) e d) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 10. Dereitos

10.1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a. Participar activamente nas actividades da asociación;
- b. Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno;
- c. Participar nas Asembleas con voz en todos os casos e con voto condicionado á clase persoa asociada.
- d. Recibir información da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade;
- e. Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación;
- f. Representar á asociación naquelas accións de carácter público nas que se consensúe con carácter previo pola Asemblea ou os Grupos de Traballo a participación;
- g. Recibir notificación do incumprimento das súas obrigas coa asociación;
- h. Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias motivadas por ese incumprimento;
- i. Recibir exposición argumentada da sanción, que sempre deberá ser acordada pola asemblea;
- j. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

10.2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

10.3. As asociadas de honra, as socias protectoras e as preasociadas non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto.

Artigo 11. Obrigas

Son obrigas das persoas asociadas:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación;
- b. Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos se establezan;
- c. Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas;
- d. Participar activamente nas actividades e tarefas dos grupos de traballo aos que voluntariamente se vincule;
- e. Consensuar co Grupo de Traballo de referencia a participación en eventos públicos en representación da asociación e o contido das intervencións nos mesmos;
- f. Preservar o nome, logotipo ou calquera outro distintivo ou medio da asociación afastándoos de usos, opinións ou intereses persoais así como de accións de proxección pública sen previo consenso co grupo de traballo de referencia, ou a Asemblea.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12. Organización da asociación

Os órganos de goberno e representación da asociación son a Asemblea Xeral, que será o órgano supremo de goberno da asociación, e a Xunta Directiva, que ostentará a representación que xestione e represente os intereses da asociación. Ambas adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna e poderán delegar nos grupos de traballo as encomendas que serán recollidas posteriormente nun regulamento interno.

As socias asumirán de xeito solidario as responsabilidades xurídicas e/ou civís derivadas do funcionamento da asociación.

Artigo 13. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria

14.1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias, extraordinarias ou urxentes. A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico. As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas. As reunións urxentes deberán ter unha motivación xustificativa da urxencia. Poderá ser convocada pola Xunta Directiva ou o 20% das socias. O prazo de convocatoria neste caso será de 3 días.

As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. No caso das asembleas ordinarias ou extraordinarias, entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de dez días naturais.

14.2. Con carácter xeral, para as asembleas ordinarias e extraordinarias, a documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas, cunha antelación mínima de dez días naturais á celebración da asemblea ademais de remitilas ás asociadas en formato electrónico sempre que sexa posible.

Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas, de xeito persoal ou representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida quince minutos, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior;
- b. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades;
- c. Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva;
- d. Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva;
- e. Aprobar a incorporación ou separación a/de unha federación;
- f. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación;
- g. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación;
- h. Aprobar a modificación dos estatutos.

Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a. Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio;
- b. Acordar a transformación da asociación;
- c. Acordar a fusión da asociación;
- d. Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras;
- e. As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria;
- f. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 18. Adopción de acordos

18.1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou co voto delegado, cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións. Poderán delegar o voto aquelas mulleres que poidan acreditar unha circunstancia que lles impida fisicamente asistir á asemblea (baixa médica, permiso de maternidade, quenda de traballo no horario da asemblea ou aquelas que determine a asemblea) e así o indiquen de forma previa por correo electrónico a través das vías de comunicación habituais da asociación.

18.2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a. Designación de membros da Xunta Directiva;
- b. Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas;
- c. Disolución da asociación;
- d. Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social;
- e. Disposición ou alleamento de bens;
- f. Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación.

18.3. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

Artigo 19. Os Grupos de Traballo

Os grupos de traballo serán o órgano de xestión dos intereses da Asociación e os foros de traballo para a consecución dos fins do colectivo, seguindo as directrices aprobadas pola Asemblea.

Terán carácter permanente, executivo e autónomo, podendo tomar decisións por si mesmos que serán posteriormente comunicadas á asemblea para valoración e, se procede, ratificación, variación ou suspensión.

Cada Grupo de Traballo contará cun representante con carácter de vogal na Xunta Directiva para velar polos intereses do dito Grupo.

Os Grupos de Traballo estarán abertos á participación de calquera asociada a petición da mesma na Asemblea ou de xeito privado. A súa fórmula de traballo, reunión e toma de decisións será decidida de xeito autónomo por cada grupo, seguindo as directrices que se formulen na Asemblea. Os membros dos Grupos de Traballo poderán formar Comisións de Traballo con carácter temporal ou permanente para tarefas puntuais, temáticas ou especializadas. A súa función será afondar na tarefa concreta que se lle encargue, debater posibles alternativas de actuación, promover solucións e propoñelas á asemblea.

A participación nos grupos de traballo debe ser activa de xeito que de non cumprirse coas responsabilidades e carga de traballo propia do grupo sen xustificación ante o resto das integrantes, a Xunta directiva a través da vogal, poderá propoñer a súa reformulación. En caso de conflito entre a proposta de reformulación da vogal e o parecer dalgunha das integrantes do grupo de traballo, a asemblea dirimirá.

Con carácter inicial, a Asociación contará con 6 Grupos de Traballo que poderán ser ampliados segundo as necesidades:

1. Grupo de Traballo de Organización
2. Grupo de Traballo Profesional
3. Grupo de Traballo Laboral
4. Grupo de Traballo de Comunicación: medios e redes
5. Grupo de Traballo de Finanzas
6. Grupo de Traballo 8M (conexións territoriais).

As funcións xerais dos Grupos de Traballo serán as seguintes:

19.1. Grupo de Traballo de Organización

- a. Resolución das necesidades internas da Asociación: tarefas administrativas, documentais e loxística interna, autorregulación e control interno do cumprimento dos estatutos. Resolución de procedementos disciplinarios;
- b. Resolución das solicitudes de ingreso de asociadas;
- c. Relacións con institucións, colectivos e entidades;
- d. Organización de eventos;
- e. Coordinación das relacións entre os distintos Grupos de Traballo;
- f. Demais tarefas que poidan ser atribuídas pola Asemblea.

19.2. Grupo de Traballo Profesional

- a. Atención aos obxectivos feministas da Asociación relativos á produción periodística: información e opinión publicada;
- b. Elaboración dunha axenda de contactos de mulleres destacadas en diferentes ámbitos sociais, profesionais ou culturais para uso común das socias;

- c. Elaboración dun observatorio de medios para definir as practicas e dinámicas habituais en relación ao feminismo que se observan nos medios de comunicación;
- d. Demais tarefas que poidan ser atribuídas pola Asemblea.

19.3. Grupo de Traballo Laboral

- a. Atención ás necesidades laborais das socias e conxunto das mulleres do ámbito da comunicación;
- b. Presentación e impulso de medidas relativas á conciliación para as traballadoras do ámbito da comunicación;
- c. Presentación e impulso de medidas relativas á mellora das condicións laborais propias das mulleres do ámbito da comunicación;
- d. Presentación e impulso de medidas relativas á erradicación de situacións de discriminación laboral por causa de xénero;
- e. Demais tarefas que poidan ser atribuídas pola Asemblea.

19.4. Grupo de Traballo de Comunicación: medios e redes

- a. Asunción das tarefas de comunicación pública dos intereses da asociación e nomeamento de voceiras da Asociación;
- b. Difusión de mensaxes relativas ás decisións da Asemblea e os intereses da Asociación;
- c. Relación cos medios de comunicación;
- d. Creación e xestión de redes sociais;
- e. Demais tarefas que poidan ser atribuídas pola Asemblea.

19.5. Grupo de Traballo de Finanzas

- a. Custodia do patrimonio da Asociación;
- b. Contabilidade dos bens e patrimonio económico da Asociación;
- c. Xestión de gastos da Asociación;
- d. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas;
- e. Relacións económicas e financeiras relativas ao patrimonio da Asociación;
- f. Demais tarefas que poidan ser atribuídas pola Asemblea;
- g. Ordenar os pagamentos acordados validamente;
- h. Redactar o inventario de bens da asociación.

19.6. Grupo de Traballo 8M (conexións territoriais)

- a. Xestión de contactos con outros colectivos de xornalistas feministas xurdidos a raíz do 8M no resto do territorio estatal;
- b. Relacións coa plataforma LasPeriodistasParamos de carácter estatal;
- c. Coordinar a actividade da asociación en colaboración con outros colectivos feministas.

Artigo 20. A Xunta Directiva: Composición

20.1 A Xunta Directiva é o órgano de representación da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por: presidenta, vicepresidenta, secretaria, tesoureira e vogais representantes dos Grupos de Traballo, designadas pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non incorran en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

20. 2. A duración do seu mandato será de 2 anos, e poderá ser obxecto dunha única reelección automática se non existe candidatura alternativa e ningunha socia manifesta o seu interese en que se convoque o correspondente proceso electoral. Transcorrido o prazo máximo de vixencia dunha mesma directiva (aos 4 anos) deberá propoñerse á asemblea a renovación da directiva e a convocatoria do proceso electoral. De non existir concorrencia, a Xunta Directiva permanecerá en funcións de xeito provisional ata a toma de decisións por parte da asemblea.

20.3. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

20.4. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:

- a. Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica;
- b. Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico;
- c. Resolución xudicial;
- d. Renuncia voluntaria;
- e. Perda da condición de persoa asociada;
- f. Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas;
- g. Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación das novas integrantes.

20.5. De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisionalmente polas restantes integrantes, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral, a proposta da propia directiva.

20.6. A elección da xunta directiva deberá estar rexida polo regulamento interno proposto por unha comisión electoral ratificada expresamente para esta tarefa.

Artigo 21. Reunións e acordos

21.1. A Xunta Directiva será convocada pola presidenta, por iniciativa propia ou por petición de calquera das súas compoñentes, Grupos de Traballo ou Asemblea.

21.2. Para estar validamente constituída deberán estar representadas, a metade máis unha das súas integrantes e, en todo caso, a presidenta e a secretaria ou as persoas que as substitúan.

21.3. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos das persoas asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade da presidenta.

Artigo 22. Facultades da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a. Executar ou mandar cumprir as actividades asociativas programadas pola asociación;
- b. Avaliar a xestión administrativa e económica da asociación realizada pola tesoureira;
- c. Executar os acordos da Asemblea e decisións dos Grupos de Traballo;
- d. Someter á aprobación da Asemblea Xeral ao orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Artigo 23. Obrigas documentais

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a. Unha relación actualizada de asociados e asociadas;
- b. Documentación contable que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación;
- c. Inventario dos seus bens;
- d. Compilación de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 24. Presidenta

A persoa que ostenta a presidencia terá as seguintes atribucións:

- a. Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado;
- b. Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos;
- c. Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 25. Vicepresidenta

A persoa que ostente a vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 26. Secretaria

26.1. A persoa que ostenta a secretaría terá as seguintes atribucións:

- a. Formalizar as tarefas de administración;
- b. Formalizar as convocatorias de reunión e redactar as actas correspondentes;
- c. Custodiar o arquivo de libros e documentos da asociación;
- d. Velar polo cumprimento por parte dos Grupos de Traballo das demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda;
- e. Formalizar as tarefas da administración .

26.2. A persoa que ostenta a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outra integrante da Xunta Directiva designado pola persoa que ostenta a Presidencia.

Artigo 27. Tesoureira

A persoa que ostenta a tesourería terá as seguintes atribucións:

- a. Recadar os fondos pertencentes á asociación, para garantir a súa custodia polo Grupo de Traballo de Finanzas;
- b. Intervenir coa súa sinatura ou persoa do Grupo de Traballo de Finanzas en quen delegue de todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da xunta directiva;
- c. Velar polo cumprimento das ordes de pagamento que expida o Grupo de Traballo de Finanzas;
- d. Presentación dos orzamentos para a súa aprobación en Asemblea;
- e. Trasladar a contabilidade da asociación á Asemblea.

Artigo 28. Vogais

A Xunta Directiva integrará tamén a como mínimo unha vogal representante de cada un dos Grupos de Traballo. Estas terán as obrigas propias do seu cargo, deberán trasladar calquera cuestión relacionada coas funcións dos Grupos de Traballo aos que representen en cada caso e aquelas outras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou na súa áreas de actuación concreta.

CAPÍTULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29. Patrimonio inicial

A asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 275 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 30. Recursos económicos

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a. As cotas periódicas das persoas asociadas, quedan fixadas en 60 euros anuais. Esta cantidade poderase liquidar nun único pagamento ou fraccionado en dous. Existirán bonificacións para as mulleres que xustifiquen situación de desemprego, preasociadas e mulleres con ingresos inferiores ao IPREM. As bonificacións serán desenvolvidas nun regulamento posterior;
- b. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral;
- c. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares;
- d. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación;
- e. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 31. Contas anuais

31.1 Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das

actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 10 días ao sinalado para a súa aprobación en Asemblea. A Asemblea Ordinaria de cada ano poderá elixir a tres integrantes da Asociación que actuarán como censoras das contas do ano de saída, sendo o seu informe obrigatorio na Asemblea Ordinaria que estuda o saldo económico do ano en cuestión.

31.2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da Asociación.

31.3. A facultade de dispoñer dos activos da Asociación correspóndelle á Asemblea Xeral e a súa administración a Xunta Directiva. A extracción de fondos das entidades de crédito debe realizarse con firmas recoñecidas de dúas integrantes da Xunta Directiva, unha delas a tesoureira.

Artigo 32. Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 33. Regulamento de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

A redacción de dito regulamento corresponderá ao Grupo de Traballo de Organización e será sometida á Asemblea Xeral.

CAPÍTULO VI DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 34. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a. Por acordo adoptado por maioría cualificada en Asemblea Xeral Extraordinaria;
- b. Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil;
- c. Por sentenza xudicial firme;
- d. Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 35. Liquidación

35.1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.

35.2. As integrantes da Xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadoras, salvo designación expresa de liquidadoras pola Asemblea Xeral ou por autoridade competente.

35.3. Corresponde ás liquidadoras:

- a. Velar pola integridade do patrimonio da asociación;
- b. Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación
- c. Cobrar os créditos da Asociación;
- d. Liquidar o patrimonio e pagar a acreedoras/es;
- e. Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa;
- f. Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrals.

35.4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Santiago, 1 de marzo de 2021

Asdo.: Alba Taladrid Díez (Presidenta)

Asdo.: Silvia Roca Baamonde (Secretaria)